

# Concello de Mondariz

**Expediente núm.: 145/2021**  
**Memoria Justificativa**  
**Procedemento: Procedemento de Contratación**

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRAS DE DEPURADORA E SANEAMENTO NO NUCLEO DE POÑE (MOURISCADOS).**

### **1. Introducción.**

O Concello de Mondariz, con fin de mellorar a rede de saneamento do Concello, pretende executar o citado proxecto, incluíndo catro actuacións principais:

1. Actuacións previas: desbroce, limpeza, corte e demolicións de firme, e excavacións en zanja.
2. Completar a rede de servizos existentes no lugar de Poñe, parroquia de Mouriscados (Mondariz), mediante a execución de varios tramos da rede de saneamento na zona.
3. Instalación dun sistema de depuración na parte máis baixa da zona, acorde ó número de vivendas que se beneficiarán da nova rede de saneamento. A depuración de augas residuais se fará cun humedal con aireación forzada.
4. Reposición das zanzas, deixando a zona no mesmo estado no que se encontra actualmente.

### **2. Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra en sesión ordinaria do día 15 de febreiro de 2019 adoptou un acordo polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro das bases reguladoras do “Plan Concellos 2018-2019 (Liña 1)” por importe de 88.415,11 €, destinada ó financiamento do investimento **“DEPURADORA E SANEAMENTO NO NUCLEO DE POÑE (MOURISCADOS)”**.

### **3. Obxecto do contrato**

As obras incluídas neste proxecto consisten na execución de varios tramos de saneamento no lugar de Poñe, dentro da parroquia de Mouriscados. Tamén se plantexa a construción dunha depuradora de augas residuais, mediante un humedal artificial para fluxo subsuperficial de aireación forzada.

### **4. Necesidade a satisfacer con este contrato.**

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2. c) que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “...evacuación e tratamento de augas residuais”.

Coa execución deste proxecto se pretende mellorar a rede de saneamento do Concello, en concreto, dotar de saneamento ás vivendas que actualmente non poseen dicho servizo no



# Concello de Mondariz

nucleo de Poñe na parroquia de Mouriscados, para o seu posterior tratamento de depuración de forma biolóxica.

## 5. Análise Económica

Dende o punto de vista económico, este contrato de obras está financiado pola Deputación de Pontevedra nun 100%, a través da concesión da “subvención outorgada ó abeiro das bases reguladoras do “Plan Concellos 2018-2019 (Liña 1)”

### RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Fondos propios	Deputación de Pontevedra
0,00 €	88.415,11 €

### VALOR ESTIMADO

Valor estimado (sen IVE): 73.070,34 euros

### ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Formulación a prezo fixado.

Importe sen IVE: 73.070,34 €

IVE (21 %): 15.344,77 €

Total con IVE: 88.415,11 €

### PREZO

Sistema de determinación: Prezos unitarios sen revisión nin variación dos mesmos en función do cumprimento ou incumprimento de obxetivos de prazos ou de rendemento.

### APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS:

Anualidade	Aplicacións orzamentarias	Proxecto de gasto	Importe total (con IVE)
2021	161.60901	51/2021	88.415,11 €

## 6. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

A presente actuación non terá incidencia na estabilidade orzamentaria debido a que está financiada nun 100 % por ingresos afectados procedentes de outras administración (PLAN CONCELLOS 2018-2019 DA DEPUTACIÓN).

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiación en términos orzamentarios SEC-10, se obtén da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos. A este respecto debe sinalarse que a cantidade de gasto a financiar con fondos afectados supón un 100 % do orzamento base de licitación e se imputará a Capítulo [6] do Orzamento de Gastos, imputando os ingresos ó capítulo 7 de ingresos polo que non afecta á estabilidade no orzamento municipal 2021.



# Concello de Mondariz

---

Respecto da sustentabilidade financeira é preciso sinalar que a mesma é posible xa que a pesar de estar ante infraestruturas de nova creación, se entende que os gastos de mantemento serán practicamente os mesmos que con anterioridade á execución do proxecto, xa que se trata de completar unha rede de saneamento xa existente.

En todo caso, o Consejo de Ministros de 6 de outubro de 2020, acordou suspender as regras fiscais en 2020 y 2021 e solicitou ó Congreso dos Diputados a apreciación de que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ó disposto no artigo 135.4 da CE e no art. 11.3 da LOEASF, aprobada polo Congreso dos Diputados en sesión de 20 de outubro de 2020.

Polo tanto, desde o 20 de outubro de 2020, quedaron suspendidas as regras fiscais para 2020 e 2021.

## 7. Análise do Procedemento

### a. Xustificación do procedemento

O procedemento previsto é o aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 da LCSP), atendendo ó seu valor estimado, admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP.

No que atinxe á solvencia económica e financeira e técnica non se require aos licitadores da mesma, neste procedemento abreviado do art. 159.6.

Os criterios de adjudicación, de acordo co estipulado no artigo 159.6.c), serán automáticos, en base á mellor relación calidade-prezo.

A tenor dos prazos perentorios de xustificación da subvención que financia o presente proxecto, se precindirán da asistencia dunha mesa de contratación no presente procedemento co obxecto de darlle celeridade ó mesmo, en aplicación do art. 326.1 en relación co 159.6 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público.

En todo o non previsto no apartado 6 do artigo 159, aplicarase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado prevista.

De conformidade co establecido no punto 3 da Disposición Adicional décimo quinta da LCSP, a presentación de ofertas e solicitudes de participación se levará a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na presente disposición adicional.

### b. Cualificación do contrato



# Concello de Mondariz

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato de obra, a tenor do artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido no Prego administrativo e na devandita LCSP.

## c. Análise de execución por lotes

A xustificación de non dividir en lotes o obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en concreto, o feito de que, de acordo co sinalado polo redactor do proxecto en informe de data 18 de xaneiro *a non división en lotes xustifícase “Con la división en lotes del objeto del contrato, se incrementan los costos de ejecución por la existencia de una pluralidad de contratistas diferentes. Desde el punto de vista técnico, la realización independiente de las diversas actuaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultaría la correcta ejecución del mismo. Así mismo entorpecería su adecuada ejecución por ser necesaria la coordinación de dichas actuaciones ”*

## d. Duración do contrato e prazo de execución.

O prazo de execución das obras sería de tres (3) MESES a contar dende a expedición da acta de comprobación do reformulo, según o proxecto técnico.

Non obstante, ao estar a contratación financiada con cargo á subvención concedida por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA e ter que estar executadas as actuacións antes do 31/07/2021, o **adxudicatario deberá comprometerse a ter executada a obra correspondente, en todo caso, antes do día 31/07/2021, e así deberá figurar no pliego de condicións administrativas así como no contrato.**

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados nos pregos.

## e. Responsable do contrato.

En aplicación do artigo 62.2 da lei 9/2017 que regula os Contratos do Sector Público, o responsable do contrato será o Director Facultativo das obras que será nomeado polo órgano de contratación, e lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e



# Concello de Mondariz

---

dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan (art. 62.1.2 LCSP)

## f. Órgano de contratación.

O órgano de contratación deste contrato será o Alcalde en virtude da DA2ªda LCSP.

## 6. Publicidade.

A presente memoria débese publicar no perfil de contratante de acordó co artigo 63.3 a) da LCSP.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra  
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006  
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 6A7ZMJ929QZG6NW3297AP7RH | Corrección: <https://mondariz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5